

EOI de Lugo

PROXECTO LECTOR DO CENTRO

Liñas xerais de traballo para o seu posterior desenvolvemento anual

Contenido

Análise da situación da lectura e da escritura no centro	3
Obxectivos, fundamentos e organización	5
Fundamentos.....	5
Obxectivos.....	5
Organización	7
Intervencións precisas	7
Accións que axudan a acadar o obxectivos	8
Club de Lectura	8
Comemoración das datas sinaladas no calendario de Bibliotecas Escolares.....	8
Proxecto Documental Integrado.....	9
Presentacións de libros	9
Programa de voluntariado	9
Criterios e procedementos de avaliación	10
Procedementos	10
Criterios e indicadores de logro.....	10
Anexo I: Modelo de rúbrica de avaliación do Proxecto Lector	4

Análise da situación da lectura e da escritura no centro

A lectura e a escritura son dúas das cinco actividades de lingua que se practican na aprendizaxe de linguas estranxeiras. As competencias clave son o eixe do noso ensino, e a lectura e a escritura están ao servizo da adquisición destas competencias na lingua estranxeira.

Na EOI de Lugo non somos alleos á realidade de que crear hábitos lectores no alumnado facilitará o seu acceso á información, mellorará a súa competencia lingüística, social e cultural, ademais de abrir a súa mente ao mundo, favorecendo o pensamento crítico e a tolerancia, nunha sociedade que cada vez parece ser menos tolerante e máis manexable. Precisamente por este motivo, a biblioteca ocupa un lugar principal na nosa Programación Xeral Anual e no Proxecto Educativo de Centro. O club de lectura que se organiza desde xa hai anos en todas as linguas que se ensinan na escola, as exposicións dos materiais e a organizacións de concursos de escritura, así como a organización dun Proxecto Documental Integrado anual, favoreceron incrementar tanto o número de usuárixs da biblioteca como o préstamo de materiais. Por suposto, dende o curso 2017-2018 contamos coa axuda que nos achega formar parte do PLAMBE e do programa de voluntariado, co que puidemos ir mellorando os recursos tanto materiais como humanos da biblioteca.

A continuación analizaremos a situación:

- **Na programación dos departamentos:** todos os departamentos teñen un plan de lectura anual, xa sexa a través de libros de lectura obligatoria ou a través de suxestións para o alumnado. E nalgúns casos clubs de lectura de aula, nos que profesorado e alumnado se poñen dacordo na escolla das lecturas e nas actividades de explotación.
- **Formación do profesorado:** Durante os últimos anos, parte do equipo de dinamización da biblioteca asistiu ás Xornadas de Bibliotecas Escolares de Galicia, onde puideron compartir experiencias e intercambiar ideas con profesorado doutras bibliotecas escolares. Por suposto, tamén participamos nos Encontros PLAMBE para así aprender que máis podemos facer para mellorar a nosa biblioteca.
- **Recursos materiais e humanos.** A biblioteca conta cuns 12.000 volumes e un equipo de biblioteca formado por membros de todos os departamentos. Ademais está incluída no programa de voluntariado, no que participa o alumnado, xa para colaborar na sala de lectura ou na categoría de aprendizaxe servizo, na que o alumnado se axuda mutuamente coa aprendizaxe das distintas linguas que se estudan na escola. Na biblioteca hai unha parte con ordenadores, unha parte con mesas (recentemente renovadas , onde o alumnado pode traballar e unha parte con sofás, onde se pode ler por pracer, ou onde se fan as xuntanzas do club de lectura, por exemplo. Ademais hai unha sala de autoaprendizaxe sita no primeiro andar.
- **A metodoloxía:** Observamos que os plans de lectura até agora non están suxeitos a ningunha metodoloxía específica, senón que se leva a cabo de xeito paralelo ás clases. Por este motivo consideramos a posibilidade de integralos no traballo por proxectos: PDI que implica a todos os departamentos.
- **Prácticas lectoras e escritoras do alumnado:** Para analizar esta situación e mais para coñecer a opinión do alumnado con respecto á biblioteca, elaboramos unha enquisa similar á do curso 2015-16, cuxos resultados expoñemos a continuación.
 - A **valoración** da biblioteca por parte do alumnado é positiva. A nota media incrementouse en máis dun punto con respecto á opinión do alumnado no curso 2015-2016 (valoración media: 8,24 fronte a 7 na enquisa anterior). A maior parte do alumnado que non vai con frecuencia á biblioteca non o fai por

falta de tempo (66,7%). Hai algún alumnado que propón que a biblioteca estea aberta tamén cara a última hora e incluso as fins de semana. A primeira das propostas poderase contemplar para o curso próximo.

- É curioso destacar que dous terzos do alumnado tamén visita outras bibliotecas da cidade, onde tamén leva material emprestado, e un 25% vai estudar a eses centros.
- **En canto ao material, solicitan** máis revistas ou textos científicos en inglés, tamén textos de carácter académico, máis novelas en versión orixinal, famosos e novidades como *The Ickabog* ou Deltora Quest ou as novelas de Rick Riordan, máis libros infantís en versión orixinal e os libros de lectura para colexios e institutos da cidade.
- **Pídese** que a biblioteca envíe avisos por correo electrónico e que se dea unha estimación de tempo para a resposta. Actualmente non se contempla esta opción e habería que estudala para o futuro. Tamén se consideran boas opcións a través do profesorado e a través da aula virtual, o cal xa se está facendo.
- **As actividades** que mellor coñece o alumnado son os clubs de lectura e os concursos, seguidos das presentacións de libros. Estas mesmas actividades coinciden coas que máis lles interesan. Ademais o alumnado tamén está interesado en obradoiros, exposicións e relatorios.
- En canto aos **hábitos lectores**, as respostas son moi dispares. Aínda así, cabe destacar que máis dun 80% do alumnado que responde a enquisa le alomenos unha vez á semana e que o 55,1% o fai todos os días. A maioría dos que non o fan é por falta de tempo e hai un 12% que non o fai por falta de costume. A novela é o xénero máis lido, seguido da prensa e das redes sociais. A poesía e o ensaio ocupan tamén un lugar importante (18,4%). O 77% do alumnado que responde a enquisa le en papel, o resto prefire o soporte dixital.
- Por último, é relevante que **máis da metade do alumnado escribe** como mínimo varias veces á semana; sobre todo, textos relacionado co traballo e coa escola, pero tamén hai persoas que escriben diarios, novela, poesía e nas redes sociais.

Atendendo aos resultados da avaliación de diagnose a través da enquisa *E ti que vés lendo?*, somos conscientes dunha realidade moi diversa no noso centro, e bastante diferente aos resultados que se obtiveran hai cinco anos. Non se aprecia, como daquela unha falta de hábito lector. Debemos ter en conta, de todos os xeitos que a participación foi escasa. Cremos que a modernización da biblioteca xogou un papel importante na mellora dos resultados e apostamos por continuar mellorando grazas ás suxestións que se fan nesta enquisa, tanto na adquisición de materiais (informativos, novidades e infantís) como na escolla das actividades e no xeito de comunicarnos co alumnado.

Fronte a todo isto, nós cremos nun Proxecto Lector que procure buscar un sentido ao que se lee, que promova, como até agora, a lectura libre, informal, creativa e espontánea que favoreza a autoaprendizaxe e a inmersión lingüística e que empregue todos os recursos, medios e formatos, que conte cun equipo educativo comprometido que estimule o interese e desenvolva a sensibilidade do alumnado transmitíndolles e facéndolles descubrir as súas propias emocións e impresións como lectores/as, sendo sempre protagonistas da súa propia aprendizaxe. Sobre todo, consideramos que tamén debemos contribuír coa adquisición de materiais informativos á creación do pensamento crítico, tan necesario na sociedade actual.

Obxectivos, fundamentos e organización

Fundamentos

1. O desenvolvemento do Proxecto Lector axudará, a través da creación de hábitos lecto-escritores, a respectar os valores que se expresan no Proxecto Educativo de Centro:
 - a) A igualdade de trato, dereitos e deberes entre as persoas, calquera que sexa o seu sexo e a súa orientación sexual, a súa condición social, a súa orixe cultural e as súas circunstancias persoais.
 - b) A implicación activa na loita contra calquera tipo de discriminación, a través da difusión de valores transmitidos mediante as actividades de ensinanza-aprendizaxe propias do centro.
 - c) O desenvolvemento persoal e intelectual a través do coñecemento de linguas como instrumento para o exercicio responsable dos dereitos e deberes dos cidadáns.
 - d) A diversidade cultural como compoñente fundamental dos procesos de globalización que afectan ás sociedades do século XXI.
 - e) O proxecto común de convivencia política, social e cultural no marco da Unión Europea.
 - f) A especificidade cultural propia do contorno inmediato configurado pola delimitación comarcal e autonómica.
 - g) A asociación con fins educativos e culturais.
 - h) A participación da comunidade educativa para a construción dunha escola inclusiva que promova as potencialidades de cada estudante.

Obxectivos

Os obxectivos específicos e intrínsecos do Proxecto Lector son:

- Desenvolver a competencia lectora do alumnado, especialmente nas linguas obxecto de estudo.
- Favorecer a competencia literaria.
- Educar no uso crítico da información.
- Fomentar o hábito da lectura de todo tipo de textos en todo tipo de soportes.
- Apoiar a adquisición das competencias clave nas linguas de estudo.
- Contribuír a reducir as barreiras e as actitudes denigratorias cara as persoas con diversidade funcional, diversidade afectivo-sexual, de identidade de xénero, étnica e racial, así como a homofobia, transfobia, racismo.

Con todo isto, o obxectivo fundamental do Proxecto Lector é contribuír a que se cumpran os obxectivos do centro. Especialmente o Proxecto Educativo de Centro establece tres prioridades de actuación nas que a biblioteca xoga un papel fundamental:

- Establecer protocolos para compensar a desvantaxe educativa que presenta o alumnado que permanece fóra da aula por motivos de traballo, de enfermidade ou accidente a través de plataformas titoriais.
- Transformar as aulas, os corredores, a biblioteca e as demais dependencias do centro en espazos agradables de convivencia, como por exemplo a través de exposicións itinerantes.

- Impulsar o interese pola lecto-escritura desde a Biblioteca a través de proxectos comúns a todas as linguas.

Pero ademais a través do Proxecto Lector podemos axudar a:

1. Dar resposta ás necesidades da contorna

- Utilizando as competencias de comunicación en linguas estranxeiras e autonómica como ferramenta básica de acceso a outros coñecementos e aprendizaxes.
- Valorando os logros culturais, científicos e tecnolóxicos das comunidades que se expresan nas linguas obxectos de estudo.
- Desenvolvendo estratexias de aprendizaxe autónoma que permitan modular e perfeccionar a aprendizaxe ao longo de toda a vida.
- Fomentando a aprendizaxe autónoma, ofrecendo os medios técnicos e instalacións adecuados para iso.
- Contribuíndo ao enriquecemento cultural do alumnado, a través do contacto cos falantes e cos ámbitos culturais propios dos idiomas cuxo ensino se imparte no centro.
- Fomentando o plurilingüismo e o respecto pola pluralidade cultural.
- Fomentando o interese e a ilusión pola aprendizaxe das linguas.
- Ofrecendo un xeito de aprendizaxe que resulte relevante para a vida actual e futura do alumnado e para as necesidades actuais e futuras da sociedade na que se desenvolve.

2. Atender a diversidade

- Establecendo mecanismos para a atención diferenciada a principiantes absolutos e non absolutos, é dicir, ao alumnado que comeza o estudo dun idioma con diferentes niveis de coñecemento do mesmo.

3. Mellorar a escola

- Creando e favorecendo un bo clima de convivencia, de confianza e de traballo entre todos os membros da comunidade educativa.
- Proporcionando ao profesorado os medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade.
- Fomentando o uso das fontes de información tanto impresas como dixitais a través da biblioteca.

4. Promover o uso da lingua galega

- Potenciando o uso cotián do galego como lingua de comunicación na vida diaria do centro.

5. Promover a igualdade entre mulleres e homes

- Evitando estereotipos de xénero en contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación, segundo os artigos 9 e 10 da Lei 7/2004 do 16 de xullo, galega para a igualdade entre homes e mulleres.

Organización

Este proxecto está coordinado polo Equipo de Biblioteca, que traballará en colaboración co Equipo Directivo e cos Departamentos Didácticos. A organización de actividades concretas e a coordinación das actividades que se realicen de xeito interdepartamental serán tema das reunións da CCP.

A metodoloxía que consideramos máis axeitada para incluír a lecto-escritura na programación e nas situacións de aprendizaxe é a metodoloxía do traballo por tarefas. Como se suxire no PEC, deberá haber polo menos unha tarefa deste tipo cada curso e deberá ser interdepartamental. A organización deste tipo de actividades farase como se suxire neste apartado. É moi importante que todo o profesorado se implique no desenvolvemento deste proxecto, polo que o labor das xefaturas de departamento será fundamental para o bo funcionamento do proxecto.

A biblioteca estará concebida non só como unha sala de lectura, senón tamén como un lugar de encontro para o alumnado e para o profesorado, como lugar de actos públicos e como sala de exposicións, convertíndose deste xeito, nun referente cultural dentro da escola.

Para difundir este proxecto, contamos coa páxina web e mais co blog da biblioteca e a rede social Instagram da escola, ademais de pantallas e taboleiros no centro e na mesma biblioteca. Ademais empregaranse o correo electrónico e as aulas virtuais para facer chegar a información ao alumnado a través do profesorado. Estudarase a posibilidade de crear unha lista de correo electrónico para a información directa ao alumnado interesado, a través de correo electrónico a través dunha ferramenta tipo *Mailchimp*.

Intervencións precisas

Xa falamos dalgunhas das intervencións necesarias para acadar os obxectivos deste proxecto. A continuación expoñemos unha listaxe detallada:

- **Promoción da biblioteca e formación de usuarios:** para o bo funcionamento da biblioteca é necesario que o alumnado a coñeza ben. Para iso, han de organizarse ao comezo do curso sesións de achegamento á biblioteca.
- **Organización de actividades interdepartamentais incluídas na programación de aula:** É necesario que algunhas das actividades que se organicen desde a biblioteca se realice na aula e teña que ver con todos os departamentos, se de verdade queremos chegar a toda a comunidade escolar. Estas actividades poden ser unidades didácticas elaboradas seguindo o modelo de aprendizaxe por tarefas.
- **Elaboración dun Plan Anual de Lectura consensuado ao comezo do curso dentro da CCP:** Se o Plan de Lectura se leva á reunión de CCP, farase unha reflexión que axudará a traballar en equipo, tirando todos cara o mesmo lado.
- **Organización de actividades que visibilicen a biblioteca e que se desenvolvan ao longo de todo o curso:** Deste xeito actuarán como fío condutor e chegarán máis facilmente a todo o alumnado (por exemplo, a escritora do mes ou o club de lectura, son actividades que todo o alumnado coñece).

Accións que axudan a acadar o obxectivo

Club de Lectura

Ao comezo do curso 2009 – 2010 púxose a andar o Club de Lectura no Departamento de Portugués. Desde o ano académico 2011 – 2012 ampliouse esta actividade a todos os departamentos con gran éxito entre parte do alumnado. Tantos anos ininterrompidos de funcionamento permítenos contar cun alumnado e un profesorado implicado de forma continuada. O Club de Lectura pretende conseguir unha serie de obxectivos, entre os que destacan:

- Ler por pracer. Descubrir a lectura non como unha obriga senón como una actividade para o tempo de lecer, e polo tanto agradable, divertida.
- Favorecer o diálogo, o intercambio de opinións e a aprendizaxe dunhas actitudes de respecto mutuo.
- Promover o uso da biblioteca e crear un punto de encontro para os membros do club.
- Conseguir a colaboración dos demais membros da comunidade educativa.
- Establecer relacións con outros clubs de lectura, xa sexan da nosa contorna ou de lugares máis afastados.
- Dar a coñecer outras manifestacións artísticas en relación coa Literatura: cine, música, etc.
- Promover a perspectiva de xénero a través da lectura así como incidir na normalización e dinamización lingüística.
- Contribuír a desenvolver aspectos destacados do Marco Europeo de Referencia para as Linguas como o aprender ao longo da vida, aprender a aprender.
- Contribuír na medida do posible a inmersión lingüística do alumnado.
- Utilizar as destrezas de comunicación nas linguas de estudo como ferramenta básica de acceso a outros coñecementos e aprendizaxes.
- Contribuír ao enriquecemento cultural do alumnado, a través do contacto cos falantes e cos ámbitos culturais propios dos idiomas cuxo ensino se imparte no centro.
- Fomentar o plurilingüismo e o respecto pola pluralidade cultural.
- Crear e favorecer un bo clima de convivencia, de confianza e de traballo entre todos os membros da comunidade educativa.
- Proporcionar ao profesorado os medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade.

Commemoración das datas sinaladas no calendario de Bibliotecas Escolares

Este tipo de actividades axuda a conseguir os seguintes obxectivos:

- Promover a igualdade entre homes e mulleres.
- Contribuír ao enriquecemento cultural do alumnado, a través do contacto cos falantes e cos ámbitos culturais propios dos idiomas cuxo ensino se imparte no Centro.
- Promover a lectura en diferentes linguas e aumentar o número de lectores na biblioteca.

- Respetar a pluralidade cultural
- Transformar a biblioteca e as demais dependencias do centro en espazos agradables de convivencia, a través das exposicións itinerantes
- Contribuír a reducir as barreiras e as actitudes denigratorias cara as persoas con diversidade funcional, diversidade afectivo-sexual, de identidade de xénero, étnica e racial, así como a homofobia, transfobia, racismo.

Proxecto Documental Integrado

Este tipo de actividades axudará, entre outros, a:

- Proporcionar ao profesorado os medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade.
- Fomentar o uso das fontes de información tanto impresas como dixitais a través da biblioteca.
- Utilizar as destrezas de comunicación nas linguas de estudo como ferramenta básica de acceso a outros coñecementos e aprendizaxes.
- Valorar os logros culturais, científicos e tecnolóxicos das comunidades que se expresan nas linguas obxectos de estudo.
- O enriquecemento cultural do alumnado, a través do contacto cos falantes e cos ámbitos culturais propios dos idiomas cuxo ensino se imparte no Centro.
- Fomentar o plurilingüismo e o respecto pola pluralidade cultural.
- Crear e favorecer un bo clima de convivencia, de confianza e de traballo entre todos os membros da comunidade educativa.

Presentacións de libros

- Contribuír ao enriquecemento cultural do alumnado, a través do contacto cos falantes e cos ámbitos culturais propios dos idiomas cuxo ensino se imparte no Centro.
- Promover a lectura en diferentes linguas e aumentar o número de lectores na biblioteca.
- Dar a coñecer as novas adquisicións da biblioteca
- Favorecer o diálogo, o intercambio de opinións e a aprendizaxe dunhas actitudes de respecto mutuo.
- Promover a lectura de obras de autoras e autores da nosa comunidade escolar.

Programa de voluntariado

- O programa de voluntariado na súa modalidade de aprendizaxe servizo e as listaxes de lecturas recomendadas axudan a:
- Desenvolver estratexias de aprendizaxe autónoma que permitan modular e perfeccionar a aprendizaxe ao longo de toda a vida.
- Fomentar o interese e a ilusión pola aprendizaxe das linguas.
- Entrar en contacto cun xeito de aprendizaxe que resulte relevante para a vida actual e futura do alumnado e para as necesidades actuais e futuras da sociedade na que se desenvolve.

- Establecer mecanismos para a atención diferenciada a principiantes absolutos e non absolutos, é dicir, ao alumnado que comeza o estudo dun idioma con diferentes niveis de coñecemento do mesmo.
- Crear e favorecer un bo clima de convivencia, de confianza e de traballo entre todos os membros da comunidade educativa.
- Promover o uso da lingua galega
- Promover a igualdade entre mulleres e homes

Criterios e procedementos de avaliación

O Equipo de Biblioteca deseñará cada ano instrumentos para avaliación que midan o grao de consecución dos obxectivos anuais (Plan de lectura). Á vista dos resultados, faranse propostas de actualización da documentación e iranse modificando os obxectivos anuais.

Procedementos

1. Enquisa de satisfacción coa biblioteca para o alumnado.
2. Enquisa de hábitos lectores e de escritura para o alumnado e suxestións de compra de material
3. Análise DAFO sobre a biblioteca para o profesorado do equipo.
4. Elaboración de memoria e propostas de mellora para o curso seguinte.

Criterios e indicadores de logro

Criterio	Indicador de logro
Desenvolve a competencia lectora do alumnado, especialmente nas linguas obxecto de estudo.	Os resultados académicos do alumnado que usa a biblioteca melloran.
Favorece a competencia literaria.	Incrementátese o número de participantes no club de lectura e nas presentacións de libros deste xénero.
Educa no uso crítico da información.	O alumnado exercita os seu espírito crítico mediante a súa participación nos proxectos documentais integrados.
Fomenta o hábito da lectura de todo tipo de textos en todo tipo de soportes.	Incrementamos o préstamo de materiais en distintos soportes.
Apoia a adquisición das competencias clave nas linguas de estudo	O alumnado reforza a súa autonomía na aprendizaxe de linguas e é quen de buscar estratexias para superar dificultades.
Contribue a reducir as barreiras e as actitudes denigratorias cara as persoas con diversidade funcional, diversidade afectivo-sexual, de identidade de xénero, étnica e racial, así como a homofobia, transfobia, racismo.	Aumenta a participación do alumnado nas actividades deste tipo e a concienciación sobre a importancia de respectar a diversidade.

Anexo I: Modelo de rúbrica de avaliación do Proxecto Lector

O proxecto lector da EOI de Lugo		
1	Esquece as boas prácticas existentes?	
2	Parte do que xa se fai?	
3	É resultado dunha reflexión conxunta?	
4	É realista?	
5	É flexible?	
6	É progresivo?	
7	É operativo?	
8	Prima a calidade na selección e tratamento das lecturas?	
9	Facilita o traballo docente?	
10	Complica o traballo docente?	
11	Cúmprense os obxectivos do proxecto lector?	
12	Elabóranse itinerarios lectores?	
13	O profesorado actúa como mediador/modelo lector?	
14	Están convenientemente rexistradas as actividades dos departamentos?	
15	Están convenientemente rexistradas as actividades marco-liñas de actuación?	